



Níxer: outra realidade descoñecida

XAVIER
CASTRO
RODRÍGUEZ

ta (con
porador
e Auto-
vedra...
de gale-
ntes re-
partici-
Acade-
Galega

exto de
oito do
nte, un-
Coruña
roeste.
envolve-
al e per-
o conse-
Joaquín
unha do-
n e o in-
Paz-An-
envolve-
do como
e futuro
ar dife-
o equili-
rais, po-


o coma
as de po-
os finan-
de tivera
tiva das
a situa-
Galicia.
realidade
amental
a empre-
mpresa-
re os clá-
perspecti-
opinións
macións
ros, o ca-

Níxer é un espazo esqueci-
do (un máis) por este noso
autodenominado primeiro
mundo. En realidade é un dos moi-
tos territorios que viven á marxe
das consciencias e que só recoñece-
mos cando unha desgraza, engadi-
da, golpea as xentes deses univer-
sos afastados e ausentes da nosa
realidade cotiá. Cando a chamada
acontece actívanse os mecanismos
da solidariedade e durante un tem-
po mobilízanse os medios e as per-
soas que palían a dor, a miseria, a
fame... Son esas individualidades
que viven a realidade as que poden
e deben contar, que deben narrar
as verdades das traxedias por se
nos outros mundos ricos e podero-
sos aínda queda unha miga de emo-
ción e fraternidade.

Algo semellante sucede neste
libro que presenta Edicións Xerais
dentro da serie Crónica. *Níxer* é un
volume colectivo vivido primeiro e
creado despois por un grupo de per-
soas, vencelladas a Acción Contra
a Fame e Cultura Solidaria Galega,
que puxeron o seu traballo de crea-
ción (desde a escrita e a pintura) ao
servizo de todos nós para transmitir
unha mensaxe, ben sabida e reco-
rrente, do que está a pasar coas cul-
turas máis empobrecidas e miseren-
tas sobre as que nós deitamos olla-
das de carácter temporal: "En África
todos os viaxeiros son desiguais, pe-
ro os occidentais son máis desiguais
/.../ non conseguimos mirar Níxer
desde os seus propios ollos e hai
unha distancia moi grande desde o
punto de vista dun occidental e o de
calquera habitante do país".

Francisco Fernández Naval, Ca-
milo Franco, Alfonso Costa e Mous-
tapha Bello Marka foron as persoas

que transmitiron desde alí a plasti-
cidade das cores, a palabra precisa,
a ollada, o tacto, o gusto, os sons...
eles contáronnos aquí a supervi-
vencia dese lugar, paradigma de
tantos outros espallados polo mun-



**"No medio de
tanta pobreza / a
dignidade camiña
fidalga / a matinar
nos pensamentos"
(Alfonso Costa)**

do. A que fora colonia, que vive co
índice de desenvolvemento huma-
no máis cativo do mundo e cunha
economía das máis dramáticas da
Terra, semella ser invisible para a
nosa sensibilidade.

Con todo, en *Níxer*, como
noutros territorios esquecidos, a
pobreza non é sinónimo de infelici-
dade e a lección que se aprende das
súas xentes agora o noso mundo. ●